

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE A SITUACIÓN DO SECTOR NAVAL NA RÍA DE FERROL

A Deputación Provincial da Coruña, á vista do incerto futuro da empresa Izar e fondamente preocupada por tal situación, demanda da Xunta de Galicia, e a través dela ó Goberno do Estado, a realización de todas as xestións que sexan necesarias diante dos responsables da SEPI co fin de que se adopten as decisións necesarias para a conformación, dentro da empresa Izar, dun complexo integral da construción naval na ría de Ferrol. Isto permitiría afrontar todas as actividades de produción, tanto con fins civís como militares, e podería acadarse a mellora da eficiencia da dita empresa como mellor garantía da súa viabilidade futura.

Ó mesmo tempo, e dado o carácter estratéxico que o sector naval ten no tecido económico da comarca de Ferrolterra, esta Deputación entende que é imprescindible o afortalamiento de tal sector produtivo na mesma medida que o mantemento dos postos de traballo. Por isto, é determinante a resolución do proceso de negociación colectiva e a volta de Izar-Fene á construción naval convencional e, na mesma liña, non sería aceptable calquera tentativa de regulación de emprego, por canto só podería entenderse como un novo paso cara ó peche do centro de traballo de Izar-Fene.

Asdo.: Os portavoces na Deputación da Coruña